

TRABALLO FIN DE GRAO

CURSO 2017/2018

Indicacións sobre a convocatoria adiantada

O alumno que pretenda facer uso da convocatoria adiantada do TFG debe ter en conta as seguintes premisas:

- 1- A convocatoria adiantada do TFG consiste na anticipación da 1ª oportunidade de solicitude e de defensa do TFG dentro do curso académico correspondente.

Por elo, se o alumno non defende o traballo presentado ou non supera a defensa, terá unicamente unha 2ª oportunidade no mes de xullo (2ª oportunidade ordinaria de defensa do TFG).

Nesta 2ª oportunidade o alumno debe elixir un dos casos que se propoñan na 1ª oportunidade do segundo cuadrimestre e axustarse aos prazos ordinarios de entrega do TFG da sinalada 1ª oportunidade do segundo cuadrimestre.

Así mesmo, debe ter presente que a defensa só se poderá realizar nas datas da 2ª oportunidade ordinaria do mes de xullo.

- 2- Os casos a resolver serán sempre, sen excepción, os correspondentes ao curso anterior, tanto se o alumno entregou o traballo nos prazos establecidos para elo, como se elixiu o traballo na secretaría virtual pero non o entregou. O mesmo acontece cando non fixo nin unha cousa nin a outra, isto é, cando unicamente se matriculou na materia do TFG.
- 3- Fixarase un prazo de entrega do TFG que deberá ser seguido polos alumnos que non entregaran o TFG no curso anterior e por aqueles que si o entregaron pero non superaron a materia na oportunidade correspondente.
- 4- O alumno terá o mesmo titor que o do curso anterior.